



JUAN CAPELLÁ
Economistas - Auditores

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS

O Concello de Santiago de Compostela, Accionista único de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. (SOCIEDADE UNIPERSOAL)

1. Auditamos as contas anuais abreviadas de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. que comprenden ó balance abreviado a 31 de decembro de 2010, a conta de perda e ganancia abreviada, o estado de cambios no patrimonio neto abreviado e a memoria abreviada correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data. Os administradores son responsables da formulación das contas anuais da sociedade, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable a entidade que se identifica na nota 2 da memoria adxunta e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais abreviadas no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais abreviadas e a avaliación da súa presentación, os principios e criterios contables empregados e as estimacións realizadas, están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.
2. Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas do exercicio 2010 adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxen fiel do patrimonio e da situación financeira de INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL, S.A. ó 31 de decembro de 2010, así como dos resultados das súas operacións correspondentes ó exercicio anual terminado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.
3. Con data 28 de maio de 2010 outros auditores emitiron o seu informe de auditoría acerca das contas anuais abreviadas da Sociedade do exercicio 2009 formuladas polos administradores o 31 de marzo de 2010. O Consello de Administración celebrado o 18 de xuño de 2010 reformulou as contas anuais abreviadas do exercicio 2009 para correxir as salvedades indicadas no referido informe de auditoría. Polo exposto anteriormente emitiuse novo informe de auditoría sobre as contas anuais abreviadas reformuladas do exercicio 2009 no que se expresou unha opinión sen salvedades.

Juan Capellá Auditores, S.L.P.
Inscrita en el R.O.A.C. nº S-1.784



Juan Manuel Capellá Pérez
Socio Auditor

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2011

Rúa Fernando de Casas Novoa, 37, Portal A, 2º B - Edificio CNL - 15707 Santiago de Compostela (La Coruña)

Tel.: 981 55 50 45 - Fax: 981 55 50 44 - E-mail: despacho@capella-auditores.com

www.capella-auditores.com